

MALAS TERRAS

Terrence Malick, 1973

1780

ESTREA EN NUMAX: 02.07.2026 | V.O.S.E. | 95 min

Dakota do Sur, 1959. Cando o rebelde Kit Carruthers (Martin Sheen) coñece a moza de 15 anos Holly Sargis (Sissy Spacek), decide deixar atrás a súa mediocre vida e tentar acadar un triunfo sexa como sexa. Pero logo dun tráxico encontro co pai de Holly, que non aproba a súa relación, ambos mozos se convierten en fuxitivos.

«Excelente. Un exercicio de estilo tan lírico como explosivo»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



Entrevista con Terrence Malick: «Kit e Holly son en realidade nenos, non cren que a morte sexa definitiva»

Por Michel Ciment

Como lle veu a idea de *Malas terras*? Quería facer unha película sobre unha moza adolescente. Durante a adolescencia somos máis abertos. Hai cousas nas que pensamos e que logo de maiores preferimos esquecer. E isto é máis certo en EEUU para as mozas novas, que son menos inhibidas que os mozos. Sobre a orixe concreta da historia non podo falar porque estou legalmente impedido de revelalo.

A súa película pertence a toda unha tradición de namorados criminais fuxitivos desde *Só se vive unha vez* (Fritz Lang, 1936), *Os amantes da noite* (Nicholas Ray, 1948), *O demo das armas* (Joseph H. Lewis, 1950) ou *Bonnie & Clyde* (Arthur Penn, 1967). En realidade é estraño, pero a única película que vin antes de rodar *Malas terras* foi *Bonnie & Clyde*. O que me interesaba era que os asasinatos eran unha forma de comprometer a moza. A historia parecía poderosa en si mesma. Pensaba que podía suscitar o interese dun grande estudio pero eu non quería perder o control do proxecto, así que decidín producila como película independente a base dun “Limited Partnership”, é dicir cun gran número de persoas achegando cada unha un pouco de diñeiro.

Rodamos a película o verán de 1972 por 300.000 dólares no suroeste de Colorado, no Dust Bowl e en Dakota do Sur. As cousas comezaron ben pero axiña se torceu todo. Un desastroso incendio devastou o material e feriu gravemente o técnico de efectos especiais. O noso equipo reduciuse a só 4 ou 5 persoas. A edición foi máis longa do planeado debido á falta de diñeiro. A película é moi parecida ao guión, agás as escenas do bosque, que foron improvisadas.

Pensou vostede desde o principio no contrapunto da voz en off de Holly e as imaxes? Absolutamente, pero tentei minimizalo no guión xa que as grandes compañías de distribución témenlle ao comentario “off” – tómano como algo pouco cinematográfico. Unha das razóns pola cal non me sentía capaz de improvisar e seguín fielmente o guión debeuse ás dificultades da rodaxe. Debía ocuparme eu de todo. Rodabamos dentro de propiedades privadas sen autorización: a policía buscábanos, tamén o fisco. Nós mesmos eramos fuxitivos e perseguidos pola lei e por tanto non tiña o tempo nin a confianza necesaria en min mesmo para improvisar. Doutra banda, rodando a miña primeira curtametraxe (*Lanton Mills*, 1969), creara neste mito da improvisación sen dar-me conta que fiándose do instinto a veces o resultado é peor.

As escenas no bosque fan pensar en Vietnam. E Kit e Holly evocan a invasión rusa, a guerra termonuclear. É típico dos anos 50 no Medio Oeste, este temor da inminencia dunha invasión soviética. Fomos adestrados en exercicios de defensa pasiva contra un ataque nuclear. Na escola, escondíámonos debaixo do pupitre, a xente construía refuxios. Eu fun educado nunha atmosfera de violencia en Texas. E o que me sorprendía máis era que a violencia explotaba e apagábase antes de que nos désedes conta. Mire o asasinato de Lee Harvey Oswald, pasou como un raio. Kit e Holly son en realidade nenos, non cren que a morte sexa definitiva. Kit está fascinado pola súa propia morte e pregúntase que dirán del os xornais.

Publicado na revista “Positif” N° 170 (xuño de 1975, p 30-34)